

AS POETAS DE COMPOSTELA
Roteiro literario
CPI DE SAN SADURNIÑO

Ano 1837, 23 de febreiro: nace en Compostela unha nena chamada Rosalía

¡Adiós!, montes e prados, igrexas e campanas
¡Adiós!, Sar e Sarela, cubertos de enramada,
¡Adiós!, Vidán alegre, moíños e hondonadas,
Conxo, o do craustro triste i as soedades prácidas,
San Lourenzo, o escondido, cal un niño antre as ramas,
Balvis, para min sempre o das fondas lembranzas,
Santo Domingo, en donde canto eu quixen descansa,
Vidas da miña vida, anacos das entraña.
E vós tamén, sombrisas paredes solitarias
Que me vicheis chorare soia e desventurada,
¡Adiós!, sombras queridas, ¡adiós!, sombras odiadas,
Outra vez os vaivéns da fortuna
Pra lonxe me arrastran.

Rosalía de Castro: *Follas novas*

Moitos anos despois, o 31 de decembro de 1987, nace tamén en Compostela Berta.

Levas contigo a marca de ser fillo:
o teu embigo avultado.
Non naciches baixo a estrela dos herdeiros
pero si co brazo en alto dos desherdados.

Quérote hoxe tan pequeniño,
acubillado así sobre o meu peito
mentres xogas coas dúas mans abertas
a apresar as doas do meu colar.

Xa sei que un día quereiras camiñar só
aínda que os meus brazos permanezan
sempre tendidos.

Estarás preparado para ser un home libre,
"mamá" xa non será a túa palabra máis importante,
e iso será un sinal de que todo marchou como debía.

Berta Dávila, *Suroeste. Revista de Literaturas Ibéricas*

Marilar naceu en Madrid, máis a súa vida está moi ligada a Compostela. Hai uns anos escribiu un poema para o Día do Libro que queremos lembrar hoxe.



María do Cebreiro, filla de poetas, préstanos a súa voz para rematar.

Riba da mesa
algúns poemas falan
do que lles doe
ou do que van podendo.
Desprezan a quen quere
sabelos de memoria
porque xa non son tempos.
Mellor reclama, digo,
a quen olla despacio
para fóra.
Así, como riscar
o día que pasa
e esquecer por agora
o que aínda non chegou.

María do Cebreiro: Obxectos perdidos



PLAMBE